

As representantes da ANPA no consello escolar informan dos asuntos tratados no consello escolar ordinario desenvolvido o día 23/1/2024, no que se trataron os seguintes temas:

1.- Aprobación, se procede, das actas anteriores: quedan aprobadas por unanimidade.

2.- Aprobación, se procede, da xustificación de contas do exercicio 2023: o director en funcións, David López Paz, detalla os ingresos e gastos por partidas, e quedan aprobadas por unanimidade. No que se refire ao presuposto do comedor, destaca a suba dos prezos na alimentación en xeral, sen que dende a Consellería haxa un correlativo aumento do presuposto, o que esta motivando un control exhaustivo das materias primas, así como algúns cambios nos materiais empregados.

3.- Información xeral: unha vez recibido o informe de deficiencias que se desprende da avaliación de riscos laborais que ven de ser realizada no colexio, o director expón o abandono por parte do Concello das intervencións xa solicitadas en varias ocasións, e solicita á representante aquí presente, que transmita de novo a urxencia destas intervencións. Entre outras:

- Reparación urxente da caldera de propano (incluso substitución), obsoleta y continuamente averiada, así como do cuarto de caldera (sucio e con falta de mantemento, pintura...).

- Mantemento e revisión da instalación eléctrica, nunca realizados.

- Mantementos xerais do edificio e instalacións, entre outros: pintura da cociña, columpio averiado, pararraios arrancado da parede, teitos anexos à fachada sen sellar que deixan correr à auga na parede interior...

- Sinalizacións inexistentes.

- Colocación de materiais antideslizantes nas escaleiras.

- Cuarto de material deportivo anexo ao pabellón de deportes: o estado deste cuarto é totalmente lamentable, presentando paredes literalmente empapadas, suelo mollado a pesar de ter un cubo de auga intentando recoller a auga que cae por múltiples sitios, estanterías molladas, oxidadas, material deportivo en estado de putrefacción, mohos nas caixas de madeira, ademais de ser un cuarto inacabado, xa que carece de revestimentos de pintura ou azulexo

nas paredes e presenta un teito adherido á fachada do pabellón mediante espuma inxectada a tramos perfectamente visible.

A responsable do Concello expón a dificultade de atender a todos estes traballos por un solo traballador, e incluso a imposibilidade por ser traballos moi técnicos que corresponden seguramente a empresas autorizadas, polo que unha vez visitadas estas zonas polos presentes, se compromete a estudar os problemas e carencias das instalacións do colexio, así como a dar parte para realizar as accións necesarias.

Por último se solicita a visita do arquitecto municipal para que poida valorar a urxencia de ditas actuacións, así como organizar os pasos a seguir.

Unha vez finalizado o Consello, fíxose unha visita das instalacións, onde puidéronse constatar todos estas deficiencias.

#### 4.- Rogos e preguntas.

Trala renovación do equipo directivo da ANPA, a nova Presidenta, Patricia Valdivieso Blanco, expón ante o Consello Escolar a inquietude dalgunhas familias acerca do proxecto E-dixgal. Os profesores presentes expoñen a súa experiencia concluíndo que todo depende de como se utilice, tendo en conta que só debe ser un complemento e non o único material para a ensinanza nos cursos 5º e 6º de primaria, que son os cursos onde se utiliza. Por outra banda é importante que a exposición as pantallas sexa controlada en xeral, tanto na escola coma na casa, onde o acceso ás veces pode ser excesivo.

A Presidenta informa de que vaise distribuir entre as familias unha folla de firmas pedindo a retirada do proxecto E-dixgal, para que a firme quen considere oportuno.

Xaneiro 2024